

Bo día

Benvidos todos ao Parlamento de Galicia, benvidos á súa casa ,

Permitanme dirixir-lles unas breves palabras coas que quixera salientar a importancia do acto que hoxe estamos a celebrar

Filgueira Valverde, autor proposto pola RAG para ser homenaxeado no vindeiro día das letras galegas, propoñía o 24 de outubro de 1969,, unha enmenda á “ Ley General de Educación” no seu artigo 17 apartado 1 para o “reconocimiento explícito de que las lenguas vernáculas no son algo extraño a lo español sino parte integrante de un patrimonio cultural común”. Eran tempos difíciles pero xa daquela o escritor e polígrafo loitaba pola nosa lingua

“Si ainda somos galegos e por obra e gracia do idioma” escribía Castelao en Sempre en Galiza.

En 1977 a Universidade de Santiago e mais o Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia xuntan a un feixe de galegos sobranceiros para soñar xuntos cal sería a Galicia ideal de 2002.. Un destes persoeiros, García Sabell, poñía no primeiro lugar da súa utopía o “emprego universal e constante da lingua galega. Dende a nenez astra a morte..... de tal xeito que o falar e o escribir no noso idioma resulte algo QUE NON SE NOTE.feito corpo do falante”

Ramón Piñeiro, que tamen formaba parte dos que en 1977 alí soñaban, anos despois, na súa defensa xa como deputado do Parlamento Galego, do texto da Lei de Normalización Lingüística, expoñía, na antiga sede de Fonseca en 1983, que “a lingua era a expresión da nosa identidade. Toda lingua é a expresión viva dunha cultura orixinal e , mesmo por iso, a lingua galega é a raíz e a forza impulsora da nosa orixinalidade cultural. Entre os lazos comunais con que contamos, a lingua é o mais fondo, é o que os galegos nos une con mais forza. Certo que tendo unha historia común, un pasado histórico común, pertencendo a un mesmo país vivindo uns mesmos problemas, pois temos una conciencia solidaria, temos una responsabilidade común, quere decir que, temos una estrutura de pobo, pero o que a esa estrutura de pobo lle da un contido calido de fraternidade é a lingua. É a lingua a que fai que esa conciencia solidaria vibre co sentimento de irmandade”. Fermosas palabras.

Todos nos somos conscientes da importancia que para este país tivo a lei de normalización lingüística , a recuperación que supuxo respecto da fala, o feito de que fixera normal o uso da lingua que a pesar de moitos atrancos conservárase ao longo dos séculos.

Mais “as leis non resolven o substrato cultural dun país, son una peza importante, pero o compromiso diario, a praxe diaria é a que vai renovando ese substrato cultural que é unha gran oposición a normalización real do noso galego” dicía o falecido Anxo Guerreiro no mesmo debate.

Nese continuum de defensa da lingua en todos os eidos, nesa empresa de facela corpo co falante, nesa cruzada de galeguizar todos os eidos cotiás, de introducila en todos os substratos culturais, compartimos hoxe esta xornada ca Xunta e mais o Foro Peinador que achegan ata esta casa das palabras a outro feixe de galegos emprendedores:

Que recoñecen públicamente que os seus produtos vendense millor en galego.

Que veñen celebrar ao Parlamento o Primeiro Día da Galeguidade Empresarial.

Que etiquetan a súa produción na lingua de todos nós

Que millor identificación ca agricultura de noso que a nominación na nosa lingua?

Felicito a Xunta a través da Secretaria Xeral de Política Lingüística e mais a o Foro Peinador pola iniciativa, agradezo as empresarias e empresarios galegos que se achegaran ata nos e de novo congratúlome pola idea

A todos, reitero, moitas grazas